Grammar

PASADO SIMPLE (PAST SIMPLE)

Afirmativa

Hai que distinguir entre verbos regulares e irregulares. Os primeiros forman o pasado engadindo -ed ao infinitivo. Os segundos fórmano cunha forma diferente ao presente que debes aprender de memoria nas listas de verbos irregulares

	Infinitivo	pasado simple	participio pasado
COOK (regular)	cook	cook**ed**	cooked
SING (irregular)	sing	**sang**	sung
EAT	eat	**ate**	eaten

Sux. + VERBO (na forma de pasado simple) **I ate**

Negativa

Sux. + DID NOT+ Infinitivo sen to **I didn ' t * eat**
* Recorda que a contracción de DID NOT é DIDN 'T

Interrogativa

DID + Suxeito + Infinitivo sen to? **Did you eat?**

Este tempo verbal emprégase:

a) Para expresar accións que aconteceron nun momento definido do pasado.
O devandito momento queda delimitado con expresións como**: yesterday, last week, last year, two years ago, etc.**

Yesterday we went to the cinema ⟶ Onte fomos ao cinema

b) Para narrar feitos secuenciados acontecidos un tras outro no pasado.

He arrived home, got undressed and had a shower ⟶ El chegou á súa casa, espiuse e deuse unha ducha.

Regras ortográficas

Ao engadir o morfema -ed aos verbos regulares prodúcense os seguintes cambios ortográficos:

a) Os verbos que rematan en e só engaden d

Hope → Hop**ed** Type → Typ**ed** Live → Liv**ed**

b) Se a última sílaba do verbo está formada por consonante+vogal +consonante e está acentuada dóbrase a última consoante.

Rob → **Robb**ed Stop → St**opp**ed Prefer → Pref**err**ed

c) Se o verbo remata en consoante + y cambia a y por i

Cr**y** → C**ried** Fr**y** → Fr**ied** Study → Stu**died**

d) Pero se remata en vogal + **y** segue a regra xeral

Pla**y** → Play**ed** Obe**y** → Obey**ed** Enjoy → Enjoy**ed**

PASADO CONTINUO (PAST CONTINUOUS)

Afirmativa

Suxeito + BE en pasado + verbo-ing

I was eating
They were eating

Negativa

Suxeito + BE en pasado+ NOT+ verbo-ing

I was not eating
They were not eating

Interrogativa

BE en pasado + Suxeito + verbo-ing?

Was I eating?
Were they eating?

Este tempo verbal emprégase:

a) Para accións que estaban a acontecer no pasado (non algo puntual senón en proceso). Adoita ir acompañado de expresións como: **the whole day, for a long time, all night, etc.**

Mum **was cooking** for a long time → Mamá estivo a cociñar durante moito tempo

b) Para describir unha acción interrompida por outra máis breve.

I was watching TV when she rang → Estaba a ver a televisión cando ela chamou

c) Para describir dúas accións que estiveron a acontecer de forma simultánea.

While you were having dinner I was doing my homewrork → Mentres ti estabas ceando eu estiven facendo os meus deberes

d) Para accións que se repiten de forma regular e que adoitan levar implícito un sentido de queixa

They were always complaining → Sempre se estaban a queixar

QUESTIONS TAGS ou TAIL QUESTIONS

Son preguntas cortas que se empregan, xeralmente na conversación e ao final dunha frase, para saber si o interlocutor está ou non de acordo co que se lle dixo. Corresponden coas formas "verdade? / non? / non si?" do galego.
Podemos falar de dous modelos:

- se dicimos algo afirmativo, a *question tag* vai en negativo
  She's very happy, *isn't she?* → Está moi contenta, *verdade*?
- se dicimos algo negativo, a *question tag* vai en positivo
  You haven't got a car, have you? → Non tes coche, *verdade?*

En calquera das dúas estruturas, o verbo será sempre auxiliar (be, have, has, do, does, did ou un modal si non hai auxiliar na oración principal) + pronome persoal ou there nas oracións con este tipo de estrutura:

You like hamburgers, don't you? → Gústanche as hamburguesas, *non?*

There were many people at the party, weren't there? → Houbo moita xente na festa, *verdade?*

Cando hai varios auxiliares, facemos a *question tag* sempre co primeiro deles:
They shouldn't have told her, should they? → Non deberían terllo dito, *non?*

CORRESPONDENCIAS

I am ---------- aren't I? /am I not?
I am on time, aren't I? → Chego puntual, verdade?

Estruturas de Imperativo ---------- will you?
Sit down, will you? → Séntate, queres?/vale?/non?

Estruturas con Let's ---------- shall we?
Let's stay at home, shall we? → Quedemos na casa, vale?/non?

As oracións que teñan como subxeito *Someone,* cambian éste por *They*
Someone sent the letters, didn't they? →→→→→→
Alguén enviou as cartas, non?/ verdade?

Pronunciation

O morfema de pasado simple -ed: /t/ /d/ /ɪd /

'-ed' pronúnciase de tres formas distintas dependendo de cál é o final do verbo ao que se engade.

Pronúnciase **/t/** cando vai detrás de son xordo.

Talked / to:k**t** /

Stopped / stɒp**t** /

Pronúnciase **/d/** cando vai detrás de son sonoro.

Changed / tʃeɪndʒ**d** /

Claimed /kleɪm**d** /

Pronúnciase **/ id /** cando vai detrás de son "'t' ou 'd'

Wanted /'wɒnt **ɪd** /

Added /'æd **ɪd** /

*** Nota**: recorda que os sons xordos son aqueles cos que as cordas vocais non vibran ao ser pronunciados (p, t, k, tʃ, f , ɵ, s, ʃ) e os sons sonoros son aqueles que ao ser pronunciados fan vibrar as cordas vocais (b, d, g, dʒ, v, ð, z, ʒ , m, n, ŋ, l, r, j, w, e vogais).

Vocabulary

Arrow : frecha
Attend (-ed): asistir
Bark (-ed): ladrar
Bow : arco
Chase (-ed): perseguir
Clearing : claro do bosque
Close : preto de
Corpse : cadáver
Cough (-ed): tusir
Coward : covarde
Crazy :tolo
Dumb : parvo
Encourage (-ed): animar, alentar
Faint (-ed): desmaiarse
Fire Brigade: corpo de bombeiros
Helpful : servizal, amable
Hurt :mancar, ferir, facer dano.
Jewel :xoia
Kneel (knelt): axeonllarse
Knight : cabaleiro
Merry : alegre
Pick up (-ed): recoller
Prick (-ed): picarse
Pull (-ed): tirar, dar un tirón
Register (-ed): matricularse, inscribirse
Row : fila
Ruby : de cor rubí
Scarecrow :espantallo
Share(-ed): compartir,repartir
Shout (-ed): berrar
Siren : sirena
Slipper : zapatilla
Speed (sped): ir a toda velocidade
Spin (spun): tecer
Tax : imposto
Tin : folla de lata
UFO : OVNI
Unharmed: ileso
Vin : enredadeira, vide
Wander (-ed): deambular
Wicked : malvado
Witch : bruxa
Wizard : mago, feiticeiro.